

PROGRAMACIÓN DOCENTE
IDENTIFICACIÓN E APROVEITAMENTO DOS COGOMELOS
curso 2018-19

ESQUEMA XERAL

- i. Datos descritivos da materia
- ii. Contexto da materia
- iii. Obxectivos xerais
- iv. Adquisición de destrezas e habilidades
 - v. Volume de traballo
 - vi. Distribución de contidos: teóricos e prácticos
- vii. Metodoloxía docente
- viii. Avaliación da aprendizaxe
- ix. Observacións

I.- DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA.

Nome da materia	Identificación e aproveitamento dos cogomelos
Código	IV30519
Curso aconsellado	2º
Créditos Totais	1,5
Horas totais de traballo da/o estudante	37,5
Cuadrimestre (especificar 1º/2º)	1º
Ámbito (H / T / XS / C / CS)	Científico

I.1. Profesoras:

Profesora coordinadora: M. Luisa Castro Cerceda

Profesora	Créditos (A, P ou V)	Horario titorías	Lugar de Impartición	Lingua
Marisa Castro Cerceda	0,7 A	Correo electrónico lcastro@uvigo.es	mail ou CUVI- Bioloxía, Bloque A, 1º piso, LI 22	Galego / Castelán
Maria Cabaleiro Alfaya	0,4 A 0,2 P* 0,2 V*	Correo electrónico marcabaleiro@uvigo. es	mail ou CUVI- Bioloxía, Bloque A, 1º piso, LI 22	Galego / Castelán

A = aula P = laboratorio V = viaxe de estudos

I. 2. Coñecementos previos aconsellados para cursar a materia:

Non son necesarios.

II.- ENCADRAMENTO DA MATERIA NO CICLO INTENSIVO

Obradoiro encadrado, preferentemente no 2º curso, do Ciclo Intensivo do Campus de Vigo, co fin de complementar a formación científica dos alumnos nunha área da Bioloxía con elevado interese social e ecolóxico.

III.- OBXECTIVOS XERAIS

Os alumnos deben coñecer a morfoloxía e a bioloxía dos cogomelos, así como saber identificar as especies comestibles e tóxicas máis importantes.

IV.- ADQUISICIÓN DE DESTREZAS E HABILIDADES

Espérase dos alumnos que:

- Saiban interpretar e utilizar adecuadamente conceptos e criterios micolóxicos con base científica e que manexen adecuadamente bibliografía e nomenclatura neste campo da bioloxía.
- Sexan capaces de recoller, preservar e preparar espécimes de cogomelos para a súa posterior aplicación.
- Aprendan o manexo de claves de identificación sinxelas que lles permitan identificar as diferentes especies con criterios científicos.

V.- VOLUME DE TRABALLO

Técnica	Horas presenciais aula	Horas presenciais fora da aula	Horas non presenciais	Factor de traballo do alumno	Horas de traballo persoal do alumno	Horas totais do alumno	Créditos
Clase maxistral	11	0	0	1	11	22	0,88
Prácticas na aula e laboratorio	0	2	0	1	2	4	0,16
Saída ao campo	0	2	0	1	2	4	0,16
Probas de avaliación	0	0	5	0,5	2,5	7,5	0,30
Total	10	5	0	0	17,5	37,5	1,5

VI.- DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS

Programa teórico

Tema	Contidos	Duración
1	Introdución ao mundo dos fungos e dos cogomelos: biodiversidade e nomenclatura	1 h.
2	Morfoloxía: caracteres macroscópicos e organolépticos nos cogomelos	2 h.
3	Cogomelos tóxicos e micetismos: intoxicacións e tratamentos	2h.
4	Cogomelos comestibles	2h.
5	Comestibilidade e micogastronomía	1 h.
6	Outras utilizacións e aproveitamento sostible do recurso micolóxico	2h.
7	Etnomicolatría e influencia nas culturas	1h.

Viaxes de estudo

Tema	Actividades a desenvolver	Duración
1	Observación directa de cogomelos no campo (CUVI, Vigo)	2h.
2	Identificación no laboratorio (CUVI, Vigo)	2h.

Bibliografía básica

1. CASTRO, M. 2004. *Guía dos cogomelos de Galicia e Norte de Portugal*. Edicións Xerais. Vigo

2. CASTRO, M., JUSTO, A., LORENZO, P. & SOLIÑO, A. 2005. *Guía micolóxica dos ecosistemas galegos*. Baía Edicións. A Coruña.

Bibliografía galega complementaria

1. CASTRO, M. (2012) Apuntamentos históricos da macromicología galega. *Mykes* 14: 43-77 [2011].
2. CASTRO, M. 2000. *Guía dos cogomelos comúns de Galicia*. Edicións Xerais. Vigo.
3. CASTRO, M.L. 2014. Os cogomelos na génese das culturas. *Brigantia* 33-34.
4. CASTRO, M.L. 2014. Relación entre factores ecolóxicos e biolóxicos e patróns de fructificación de macromicetos. *Mykes* 17: 23-37.
5. CASTRO, M.L.; BLANCO-DIOS, J.B. & REQUEJO, O. 2011a. Micobiota de Galicia: Conservación de especies e proposta de Lista Vermella. *Mykes* 13: 7-32.
6. FERNÁNDEZ DE ANA MAGÁN, F.X. & RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, A. 2000. *Os cogomelos nos ecosistemas forestais galegos*. Edicións Xerais. Vigo.
7. MARCOTE, J.M. 2010. *Guía de cogomelos dunares do litoral atlántico*. Edicións Cumio. Vilaboa, Pontevedra.
8. MARCOTE, J.M.C., POSE, M. & TRABA, J.M. 2011. 500 setas *del litoral atlántico y noroeste peninsular*. Edicións Cumio. Ponte Caldelas (Pontevedra).
9. MARCOTE, J.M.C., POSE, M. & TRABA, J.M. 2013. *Cogomelos de Galicia e do noroeste peninsular*. Edicións Cumio. Ponte Caldelas (Pontevedra).
10. MÍNGUEZ GONZÁLEZ, A. 2010. *Setas medicinales*. Ellago Ediciones. Vilaboa (Pontevedra).

VII.- METODOLOXÍA DOCENTE

Clases teórico - prácticas coa axuda de presentacións en power point e uso de modelos e material fresco, aportado tanto pola profesora como polos alumnos, para traballar na aula.

Clases prácticas no campo co fin de aprender a recolectar o material que posteriormente será identificado (unha mañá), que se complementará coa clase práctica de laboratorio.

Clases prácticas no laboratorio con asistencia unha mañá (2h/mañá) ao laboratorio de Botánica na Facultade de Bioloxía co fin de coñecer o uso de microscopio óptico e aprender a facer preparacións para a observación de estruturas reprodutoras.

VIII.- AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE

O 70% da nota corresponde á asistencia e participación a lo menos no 80% das horas de aula, distribuídas da seguinte maneira: 80% de asistencia = 5 punto, 90% = 6 puntos e 100% = 7 puntos.

IMPORTANTE: O resto da nota poderá obterse a partir da realización dos cuestionarios relacionados coa descrición e identificación de especies, entregados pola profesora e realizados en casa, ata un máximo do 10% da nota (1 puntos) e o 20 % restante (2 puntos) poderá alcanzarse coa entrega dun traballo relacionado coa materia e realizado preferentemente en grupos de 3-4 persoas.

IX.- OBSERVACIÓNS

(*) Os desprazamentos nas saídas serán feita por medios propios.

O **TRABALLO** realizarase preferentemente por parellas ou en grupos de 3-5 alumnos. A data de entrega será o 30 de novembro, preferentemente en formato word (.doc, .docx), non PDF e enviarase vía mail para que poidan ser devoltas as correccións. Se os nomes científicos non están correctamente escritos seguindo a normativa explicada en clase, non se terá en conta o traballo.

IMPORTANTE: O texto terá un máximo de 10 páxinas, incluíndo imaxes e bibliografía consultada. Escrito en letra arial 11 e a espazo 1,5.